



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2008.-**

<p><u>Sres. Asistentes.</u></p> <p><u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo</p> <p><u>Sres. Concelleiros:.</u> D. José Juan Vilasanchez Pazos D^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D^a Maria Victoria Montenegro Paz. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. María Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D^a Josefina Martínez Martínez D. Manuel Rodríguez Doval. D^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández.</p> <p><u>Sr. Secretario:.</u> D.Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p><u>Sr. Secretario-Acctal.:.</u> D. José Angel Carballo Feijoo.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e doce minutos do día vinteito de febreiro de dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE HORA, SESIÓN DO DÍA DE HOXE.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda ratificalo cambio de hora da sesión ordinaria correspondente o día de hoxe.

Punto núm. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓN DOS DÍAS 27 DE DECEMBRO DE 2007, 31 DE XANEIRO DE 2008 E 11 DE FEBREIRO DE 2008.-

Dase conta das actas das sesións correspondentes ó Concello Pleno os días 27 de decembro de 2007, 31 de xaneiro de 2008 e 11 de Febreiro de 2008.



Toma a palabra o Sr. Echevarría Lage, manifestando que na acta da Sesión correspondente ó día 11 de febreiro de 2008, aparece por duplicado a asistencia de D^a Mercedes Grande Regueiro.

Coa corrección descrita anteriormente o Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as actas das sesións celebradas polo Concello Pleno os días 27 de decembro de 2007, 31 de xaneiro de 2008 e 11 de febreiro de 2008.

Punto núm. 3.- AUTO DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE 31-01-08, “ACCIÓN DECLARATIVA DE DOMINIO CAMIÑO EN OS CASTROS”.

Dada conta do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo de fecha 31-01-08, relativa a “Acción Declarativa de Dominio Camiño nos Castros”, na que se reflexa a seguinte parte dispositiva:

- 1.- SE DECLARA desierto el recurso de apelación preparado por el procurador Sr/Sra. MARIA DE LOS ANGELES VILLALBA LOPEZ, en nombre y representación de DOMINGO NAVAS LOZANO, MERCEDES TELLA PEDREIRA, MARIA FRANCISCA DE LA PEÑA LOUREIRO contra resolución de 12-11-07 dictada en este proceso, quedando firme la misma.
- 2.- Se impone a la parte apelante las costas causadas si las hubiere.”

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández quen manifesta que con respecto a este tema quere comentar algo, aínda que sabe que tratase de dar conta, na Xunta de Portavoces xa dixen cales eran os motivos, os feitos a día de hoxe son os seguintes, resulta que o Camiño en cuestión, o Camiño dos Castros esta Inventariado, como todos sabemos, estes veciños no seu día puxeron un portal non camiño, dicindo que o camiño era propiedade privada, pois colocaron un portal hidraulico sen autorización, se lles requireu para que o quitaran facendo caso omiso, como xa dixen na Xunta de Portavoces, o expediente non sabía en que situación se atopaba, pero eu falaba nese momento de memoria, sabía que algo se fixera, e sabemos que esas persoas que estaban reclamando a propiedade privada do camiño en cuestión, según pon o informe do Sr. Secretario este camiño esta inventariado, estas señoras fixeron unhas edificacións que teñen licencia municipal do ano 1973, esa licencia tivo que ser condicionada a que eso era un camiño público, pero a maiores, a miña sorpresa foi cando por parte da Alcaldía non sei se co boa intención ou con mala intención, se lle da ún vao permanente para a reserva da entrada a esas propiedades, polo tanto as noticias que eu teño agora mesmo parece ser que teñen un Contencioso Administrativo, pero independentemente do Contencioso-Administrativo, eu digo que eso é titularidade pública, o Alcalde e a Corporación están obrigados, e é un dereito e un deber velar pola propiedade municipal, polo tanto en canto non exista unha resolución xudicial a todos os efectos, eso é municipal, en aras do respecto á institución, e visto que esas persoas foron advertidas que eso era de titularidade municipal, e pesar de todo eso fixeron caso omiso de todos os requerimentos municipais, e non so colocaron o portal senón que hai un peche ó largo de toda a finca de formigón, que fixeron sen o correspondente permiso municipal, polo



tanto Alcalde rogolle que inmediatamente mande paralización das obras ó igual que fixo con outras obras que non se axustaban á legalidade precinte vostede inmediatamente eso, e de as ordenes oportunas para que se abra o vial. Vuelvo a repetirle que establezca a legalidade urbanística, por respecto á Institución, porque esa xente se esta a reir da Institución.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que se ten que ausentar do Pleno e quere adiantar a postura do seu Grupo, na Moción que presenta o Grupo Socialista. E con relación o tema da Sentencia do Concello de Ares, nos no seu día dimos a licenza municipal de obras axustada ós informes tecnicos municipais no ano 2002, e depois fumos requeridos no ano 2006 cando se estaban rematando a Casa Consistorial, fumos notificados por parte da Xunta de que parasemos as obras, parece que despois de catro anos sen ter ningunha denuncia sobre esta obra e cando se estaba finalizando, nosoutros o que fixemos desde o Concello foi dar a calada á demanda da Xunta, en beneficio do Concello porque non entendíamos que despois de catro anos cando xa se esta rematando a obra, nos levaron ó Contencioso-Administrativo no cal a Xunta nos instaba a anular a licenza municipal, e hoxe se pode dicir coa resolución esta, nos mandan retroaer o expediente ó principio, e non nos dí que esto non é legal, para nos foi legal non ano 2002, foi legal non ano 2006, e é legal no ano 2008, agora con esto e coas normas máis ó noso favor.

Con respecto á Moción do Grupo Socialista en relación co día da muller traballadora, dicir que vamos a votar a favor, pero diante dos acontecementos acaecidos nos últimos días queríamos cambiar e do que ven sucedendo co tema do maltrato, que cada vez vai a máis. No terceiro parrafo dicir que nos queremos facer fincapé neste, que as medidas non son suficientes, aquí debiamos dicir “Que se tomen outras medidas porque esta situación vai a máis”.

Sendo as 10,23 horas ausentase do Salón de Sesiós o Sr. D. José Manuel Cendán Fernández.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que estamos diante dun procedemento Xudicial, e que neste proceso se vai a dilucidar se é publico ou privado. Eu non o teño claro, e como o que firmo son eu, non vou a asinar nada que non teña claro, no momento que o teña claro o asinarei como teño asinado outras paralizacións moito máis difíceis. Na medida que unha Resolución se me poda asomar medianamente inxusta, eu non a vou a asinar. O portalón non o puxeron nesta Corporación, o puxeron na Corporación anterior, e se tan claro o tiña porque non o quitaron na anterior legislatura. Non vou a asinar esa Resolución ata ter informes periciais.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 4.- SENTENCIA XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE 08-02-08 “DESESTIMACION PRESUNTA REQUERIMIENTO FORMULADO POLA C.P.T.O.P.T. CASA DO CONCELLO”.



Dada conta Sentencia do Xulgado Contencioso-Administrativo de 08-02-08 “DESESTIMACION PRESUNTO REQUERIMIENTO FORMULADO POLA C.P.T.O.P.T CASA DO CONCELLO” na que se emite o seguinte FALLO:

“**ESTIMO EL RECURSO** contencioso-administrativo interpuesto por la XUNTA DE GALICIA en relación con la desestimación presunta por el AYUNTAMIENTO DE ARES del recurso del requerimiento formulado por la Consejería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda en escrito con registro de entrada en el Ayuntamiento de Ares de fecha 12 de junio de 2006 “para que dispoña a suspensión dos efectos do acordo de aprobación do proxecto de construción da casa do Concello, de data 11 de xullo de 2002, e a paralización das obras de construción da casa do Concello; é proceda á revisión do devandito acordo de aprobación do proxecto de construción da casa do concello por ser nulo de pleno dereito ao infringir o uso urbanístico dun solo urbano cualificado de zona verde de espazo libre” y **DECLARO QUE LA ACTUACIÓN RECURRIDA NO ES CONFORME A DERECHO Y LA ANULO;** debiendo la Administración dedmandada proceder a la retroacción del procedimiento de referencia en orden a su sustanciación conforme a Derecho y dictado de la resolución que, en su caso, resulte procedente; sin haber especial pronunciamiento sobre las costas del procedimiento.”

Toma a palabra o Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G., manifestando que queremos aproveitar este Pleno para pedir que por parte da Secretario ou se fai falla recurrir a unha asesoría externa se emita un informe ó respecto do contido, que nos interpretamos porque sabemos leer, pero queremos que a Secretaria faiga un informe, pormenorizado dos resultados desta Sentencia e o que se vai a derivar dela, e rogamos e non dubidamos que este equipo de goberno defenda ata o final a pervivencia da legalidade por encima do sentido da oportunidade.

Toma a palabra o Sr. Secretario, manifestando que a Sentencia está clara, para mín non ofrece dúbidas, di o que dí FALLO: Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola Xunta de Galicia en relación coa desestimación presunta polo Concello de Ares del recurso del requerimiento formulado por la Consejería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda en escrito con registro de entrada en el Ayuntamiento de Ares de fecha 12 de junio de 2006 “para que dispoña a suspensión dos efectos do acordo de aprobación do proxecto de construción da casa do Concello, de data 11 de xullo de 2002, e a paralización das obras de construción da casa do Concello; é proceda á revisión do devandito acordo de aprobación do proxecto de construción da casa do concello por ser nulo de pleno dereito ao infringir o uso urbanístico dun solo urbano cualificado de zona verde de espazo libre” y **DECLARO QUE LA ACTUACIÓN RECURRIDA NO ES CONFORME A DERECHO Y LA ANULO.** Houbo un requerimento de Política Territorial, de suspensión de efectos da licenza, de paralización de obras e de revisión de oficio, non se fixo caso á paralización de obras non se iniciou a revisión de oficio e o Xulgado accede a petición subsidiaria da Xunta de Galicia, que se retrotraigan as actuacións e que se reinicie o proceso de revisión de oficio sen vulgar como vai a saír.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que eu xa fixen unha intervención nun Pleno anterior, cando se manifestaba por parte do Sr. Alcalde que



ía desbloquear a legalidade do edificio, eu xa dixen no seu día que a competencia de dar a licenzia de obras é unha competencia municipal, neste caso sabemos que o movیل político era facer oposición de calquer tipo de forma contra o goberno municipal existente en aquel momento, e valía toda a meteoroloxía existente para proceder contra o equipo de goberno, e a súa vez contra os intereses dos Aresanos, e se utilizou unha interpretación da Lei en canto á ocupación por parte da edificación dun espacio verde ou un espacio libre, que según parece o Plan Xeral así o recollía, a parte do tema legal, que a Sentencia o deixa clarísimo; por parte dunha Administración Pública “Xunta de Galicia” (bipartita) se procede contra un Concello ós catro anos de estar a edificación practicamente feita, houbo un requerimento para que se paralicen os traballos e se deixen sen efecto a licenzia, como en aquel entón, como xa digo a obra estaba practicamente rematada faltaban soamente uns flecos para acabar, entendiamos que non podíamos paralizar a obra, porque xa había un gasto comprometido importante. Resulta que a Xunta de Galicia, procede contra un Concello como o de Ares, para que anule unha licenzia ós catro anos de estar unha obra en pé; nos naquel momento fomos o desestimento de aquel requerimento por parte da Xunta porque entendimos que había que agotar os tres meses, os técnicos no seu momento fixeron o informe favorable e en base a estes informes no seu día nos dimos a correspondente licenzia municipal de obras. Resulta que hai políticos que se dedican a dañar os intereses neste caso non do grupo municipal, senón do municipio, porque xa me diran que afan especulativo hai en facer unha casa do pobo e para o pobo, como é un Concello do cal nos vamos a beneficiar, todos os veciños e todos os políticos que estamos disfrutando das instalacións, e tratar de enmerdar unha obra pública e que a Xunta de Galicia se preste a este tipo de xogos, quero deixar claro que foi legal, é legal e será legal a todos os efectos, e extraigan vostedes as conclusións da Sentencia que lles de a gana, independentemente de que anule o desestimento do requerimento que fixo a Xunta de Galicia, que é o único que di a Sentencia e que se retrotraiga o tema ó estado actual á revisión da Sentencia e do acordo, e eso en que consiste, vostede o sabe mellor que eu que é un home de Leis, revisar por parte dos Técnicos que emitiron o informe e do Secretario e do Consello Consultivo que por outra parte non é vinculante, polo que a situación é a mesma, o Concello de Ares, digan vostedes o que queiran, é legal, foi legal e será legal, e non hai solución posible, e a Sentencia o deixa ben claro, e sobre todo agora, o Concello de Ares non ten Plan Xeral de Ordenación Municipal, e aplicandolle as normas Subsidiarias o Concello de Ares é legal. Isto era un atentado contra os intereses municipais, volvo a reiterar.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que as persoas que están entre o público merecense que non lles mintan, e que non se vaian cun discurso que non é o verdadeiro. Este é o fallo e pon en negrita **“ESTIMO O RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA”** en relación coa desestimación presunta do Concello de Ares do recurso do requerimento, porque o Concello de Ares, nin siquiera lle contestou á Xunta de Galicia, porque se é tan legal o pon escrito e o defende diante da Xunta de Galicia, vostede lle contesta e non van por desestimación presunta, porque parece ser que tiña moitas cousas que dicir, e non dixo nada, pois nese momento “Silencio negativo”, nin respostou, evidentemente como non contestou se estima o Recurso Contencioso Administrativo interposto pola Xunta de Galicia, e acto seguinte se dice en negrita **“Declaro que a actuación recurrida, non é conforme a Derecho e a anulo, debendo a Administración demandada (que é o**



Concello), proceder a retroacción do procedemento de referencia en orde a su sustanciación conforme a Derecho” e dicir que antes fixeron o que lles deu a gana non foi conforme a Dereito, e dictado de Resolución porque antes nin respostaron, e este Concello vai loxicamente a proceder á retroacción do procedimientto e a respostar, o que pasa e que temos que respostar agora non é o que tiñan respostar vostedes antes, porque antes habia Plan Xeral e agora non, esa é a realidade, o contrario e mentir, e as posicións políticas son todas defendibles e o que un cree nun determinado momento tamén, e eu non entro en debate, o Portavoz do Partido Popular fixo unha defensa honrosa deste tema, el o cree e a mín parece-me correcto, eu creo que a Sentencia di todo o contrario do que el predica; e que non sei interpretar o que quere decirnos o Sr. Luis Cendán aquí, no punto anterior nos increpa con respetar a Lei e nesta a quere saltar á torera, vostede non atendeu ó requerimento da Dirección Xeral de Urbanismo porque entende que o Concello é legal, o mínimo que se pode ser é ser coherente, nunha exposición argumental non contradecirse, neste momento este Concello non ten licencia porque o Xuíz a anulou, e nese procedemento que hai que volver a darlle a licencia non hai Plan de Ordenación, e esa é unha das solucións que eu falei na prensa.

Pide a palabra o Sr. Luis Cendán por alusións, manifestando que en ningún caso fixo outra lectura diferente a que acaba de facer vostede en relacion co requerimento e o sentido da Sentencia, eu dixen que nosoutros tivemos que respostar ó requerimento co silencio porque a obra estaba na situación que estaba, entonces quen minte aquí, mentirá vostede, eu fun ó fondo da cuestión porque o que importaba aquí era o tema político independentemente da Setencia.

O Sr. Alcalde manifesta que agora non hai Plan de Ordenación e o que poñía a Casa do Concello nunha situación ilegal era precisamente o Plan no que sinalaba unha zona verde, pero vostede referindose ó Sr. Luis Cendán cando tiña a obrigación de respostar o requerimento non o fixo, e daquela tiña Plan de Urbanismo.

O Sr. Luis Cendán quere facer uso da palabra sendolle retirada pola Alcaldía a cal da por suficientemente debatido o asunto.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO núm. 5.- SENTENCIA T. SUPREMO 4-10-07 “DESESTIMACIÓN RECURSO QUEIXA nº 367/07 INTERPOSTO CONTRA AUTO DE 09-01-07 “ANULACIÓN E DEMOLICIÓN LICENCIA DE OBRAS CONCEDIDA A DNA. TERESA GÓMEZ GONZÁLEZ.

Dada conta da Sentencia do Tribunal Supremo de 04-10-07, “DESESTIMACIÓN RECURSO DE QUEIXA NÚM. 367/07 INTERPOSTO CONTRA AUTO DE 09-01-07, ANULACIÓN E DEMOLICIÓN LICENCIA DE OBRAS CONCEDIDA A DNA. TERESA GÓMEZ GONZÁLEZ”, na que se emite o seguinte fallo:

“LA SALA ACUERDA: Desestimar el recurso de queja núm. 367/07 interpuesto por la representación procesal del Ayuntamiento de Ares contra el Auto de 9 de enero de 2007, confirmado por el de 9 de marzo siguiente, de la Sala de lo Contencioso-



Administrativo (Sección Segunda) del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, dictado en el recurso de apelación nº 4102/04 y, en consecuencia, se declara bien denegada la preparación del recurso de casación, debiendo ponerse esta resolución en conocimiento del expresado Tribunal para su constancia en las actuaciones. Sin costas”.

O Concello Pleno dase por enterado

**PUNTO núm. 6.- DAR CONTA PROVIDENCIA T. SUPREMO 14-01-08
“DENEGACIÓN INCIDENTE DE NULIDADE ACTUACIÓN S SENTENCIA
T.S. P.X.O.M.”**

Dase conta da Providencia do T. Supremo de 14-01-08, “Denegación Incidente de Nulidade Actuación S Sentencia do T.S. P.X.O.M.”, do seguinte teor literal:

“ Dada cuenta. En virtud de lo dispuesto en el art´. 241.1 último párrafo, de la Ley Organica del Poder Judicial, inadmitimos a trámite el incidente de nulidad de actuaciones planteado por el Ayuntamiento de Ares, pues en el mismo se ignora que esta Sala, en su sentencia de 14 de noviembre de 2007, declaró no ha lugar al recurso de casación por una razón fundamental, a saber, que la parte recurrente en casación no había citado en el único motivo admitido ningún precepto nin jurisprudencia que considerara infringidos, siendo la otra razón, como literalmente se dice en la sentencia, solo a mayor abundamiento. Por ello por ser la desestimación del recurso de casación debida a un defecto formal del escrito de interposición, es de todo punto imposible que la sentencia de este Tribunal haya incurrido en incongruencia.

En consecuencia denegamos también la suspensión de la ejecución de la sentencia.

Contra esta providencia no cabe recurso alguno”.

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO núm. 7.- TOMA DE CONSIDERACIÓN DA RESOLUCIÓN
ALCALDÍA SOBRE ADICACIÓN S EXCLUSIVAS.-**

Dase conta da Resolución da Alcaldía-Presidencia sobre adicación s exclusivas, do seguinte teor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA.

Como consecuencia dos resultados das últimas elección s locais o grupo de goberno ten a firme vontade de adicarse á defensa dos intereses municipais con todas as forzas disponibles, o obxecto de lograr o máximo grado de bienestar para todos nosos conciudadans.

Elo non sería posible sen a adicación especial ou parcial de algúns dos membros do equipo de goberno as tarefas municipais, xa que éstas restan unha parte importante do tempo de cada un deles.



Por todo elo e como a adicación exclusiva ou parcial se configura como un dos dereitos socio-economicos dos concelleiros por medio da lexislación vixente, incóese expediente ó obxecto de designar a dedicación exclusiva e parcial recollida no presuposto vixente de 2008.

REXIMEN DE ADICACIÓN EXCLUSIVA:

CONCELLERIA-DELEGACIÓN DE CULTURA, EDUCACIÓN, MEDIO AMBIENTE, COMERCIO E INDUSTRIA E TURISMO (26.402,46 Euros. Anuais pagadeiros en 14 mensualidades) desempeñada por D^a ANA MARIA FERNANDEZ COIRA.

CONCELLERIA-DELEGACIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS (26402,46 Euros. Anuais pagadeiros en 14 mensualidades) desempeñada por Dna. MARIA VICTORIA MONTENEGRO PAZ.

REXIME DE ADICACIÓN PARCIAL:

CONCELLERIA-DELEGACIÓN DE EMPREGO, RÉXIME INTERNO POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL SEGURIDADE E TRÁFICO OBRAS E SERVICIOS (20.700 Euros. Anuais pagadeiros en 14 mensualidades) desempeñada por D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO, cun desempeño efectivo da súa xornada de 25 horas semanais.”

8.- APROBACIÓN ADDENDA ACORDO REGULADOR-CONVENIO POLO QUE SE REGULAN AS CONDICIÓN DO PERSOAL AO SERVICIO DO CONCELLO DE ARES E PETICIÓN DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO.

Dada conta da Addenda Acordo Regulador Covenio polo que se Regulan as Condicións do Persoal ao Servicio do Concello de Ares e petición da Delegación Provincial da Consellería de Traballo que seguidamente se transcribe:

Art.1.- apartado 2.b

Suprimese este apartado por vulnerar o Art. 82.3 do Estatuto dos Traballadores.

Art. 5.-

No último parágrafo substituir a “Consellería de Xustiza; Interior e Relacións Laborais”, por Consellería de Traballo.

Art. 21.- apartado 5.

Parágrafo 3.- De acordo co ART. 37.5 do E.T., cambiar o termino menor de 6 anos, por **menor de 8 anos**, ao tempo de eliminar a referencia (**Lei 66/1977**)

Parágrafo 4.- Eliminar a referencia (**Lei 62/2003**).



Art. 24.-

Punto A. 11.- De acordo co regulado no Art. 48 bis do E.T., se cambia o término 8 días, **por 13 días ininterrompidos, ampliables no suposto de parto múltiple, en dous máis para cada fillo a partir do segundo.**

Punto A 11.- Segundo parágrafo –De acordo co regulado no ART. 48 bis do E.T. se cambian os términos de catro días, oitro días e dez días, **por 13 días ininterrompidos, ampliables no suposto de parte múltiple, en dous máis para cada fillo a partir segundo.**

Se eliminan as tres últimas liñas xa que o E.T. supero o previsto nelas. (Cando a persoa adóptante ou acollidora.....)

Este parágrafo queda como sigue:

O traballador terá dereito a un permiso de paternidade trece días ininterrompidos, ampliables no suposto de parto múltiple, en dos máis por cada fillo a partir do segundo, que se computara dende o nacemento con independencia da situación laboral da nai. O devandito permiso será acumulable a calquera outro dereito recoñecido na normativa aplicable, inclusive o permiso de nacemento. O permiso de paternidade computarase dende a finalización do permiso de nacemento, no caso de acumularse este.

Se se tratase dunha adopción ou dun acollemento preadoptivo ou permanente, o permiso será de trece días ininterrompidos, ampliables no suposto de adopción ou acollemento múltiple, a partir do segundo. O devandito permiso contarase á elección da persoa titular deste, dende a resolución xudicial ou administrativa e será intransferible pero acumulable a calquera outro dereito recoñecido na normativa aplicable.

Punto B.4.- Tal como reconece o Art. 46.3 do E.T incluir na primeira liña o termino ou **acollido**, a continuación ou adoptado/a. Incluir na segunda liña o termino **ou acollemento**, a continuación de nacemento ou adopción.

O punto quedaría como segue:

4.- Ata tres anos para atender o coidado dun fillo/a propio, adoptado ou acollido, contado dende a data de nacemento, adopción ou acollemento daquel/a. Se o pai e nai traballan, so poderá exercitar este dereito un deles.

Art. 32.- Bis.

Se trata dun artigo novo a incorporar ou convenio como unha añadido, como formula para dar cabida a contratos eventuais por circunstancias do mercado ou acumulación de tarefas, quedando redactado como sigue:



Art. 32.- Bis.- Contratos eventuais por circunstancias do mercado ou acumulación de tarefas.

De conformidade co establecido no Art. 15.1 b do Estatuto dos Traballadores, poderán celebrarse contratos cunha duración máxima de 12 meses nun período de 18 meses.”

Vista a Acta da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de data 25 de Xaneiro de 2008, na que se acorda, prestar aprobación as modificacións antes transcritas.

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

9.- CAMBIO DE HORA DAS SESIÓNS ORDINARIAS A CELEBRAR POLO CONCELLO PLENO.

Vista a proposta da Xunta de Portavoces de cambio das Sesións Ordinarias a celebrar polo Concello Pleno, que pasaran a celebrarse o último xoves de mes as 11,00 horas.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que a súa posición vai a ser favorable o cambio, e aproveita para falar de dúas cuestións, por unha banda a autoregulación da que falamos, a verdade e que o Pleno de hoxe non é un bo exemplo do que nos comprometidos na Xunta de Portavoces, para mín a autoregulación non depende do reloxo que me poñan diante, senón do que eu faga, e tamén quería facer unha chamada co tema dos horarios, pois teño esperado ata media hora para o comenzo dunha Comisión, polo tanto fago unha chamada por un lado a autoregulación e por outro lado a puntualidade.

O Sr. Alcalde, resposta que por norma se está a esperar por todo o mundo, indubablemente o celebrarse as Comisións en horario de mañá, as veces os membros do equipo de goberno están atendendo a veciños, chamadas etc., as veces hai impoderables que fan que non se empecen a hora as Comisións, significando que tratarán de ser máis puntuais.

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Sendo as 11,10 horas, ausentase do Salón de Sesión o Sr. Secretario D. Manuel Larrosa Rodríguez, actuando como Secretario-Acctal, a partir deste momento D. José Angel Carballo Feijoo.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS DESDE A ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola



mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

11.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.

A) P.S.O.E., CONMEMORACIÓN DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, CO MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Dacordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCION:

Conmemoramos un ano máis o 8 de marzo, o Día Internacional das mulleres. Unha data chea de reivindicacións de esperanzas e sobre todo de futuro.

Deixamos atrás os momentos nos que as inxustizas e as desigualdades contra as mulleres se consideraban do ámbito privado e persoal.

Hoxe contamos cunha Lei Integral contra a violencia de xénero que nos permite contar con máis instrumentos e máis recursos contra a lacra intolerable do machismo criminal.

E contamos cunha Lei para a Igualdade efectiva entre mulleres e homes, que significa o recoñecemento do dereito das mulleres a compartir en equilibrio cos homes, todas e cada unha das facetas da vida social, política e familiar.

Abrimos os camiños cara a igualdade efectiva, pero agora hai que transitalos, e temos que facelo entre todas e todos, conscientes de que estamos a exercer dereitos de cidadanía. Dereitos conquistados, que non se nos poden arrebatarse.

Aínda que se seguen a exercer constantes discriminacións e abusos, hai que seguir traballando para que as mulleres poidan vivir a súa maternidade pleamente, coa garantía de protección dos poderes públicos, e para que poidan iniciar calquera carreira profesional, emprender calquer proxecto persoal, sabendo que haberá menos obstáculos, que os teitos de cristal xa non son irrompibles.

Hoxe podemos divisar con confianza o futuro que está por vir. Este é o noso desexo para o vindeiro 8 de marzo e para alcanzalo temos que aunar as nosas forzas, as nosas voces. Xuntos poderemos consolidar estes dereitos e abrir novos camiños que aínda que, difíciles farán que a nosa que a nosa sociedade sexa exemplar en respecto aos valores constitucionais e na profundización da democracia.



Por iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares, presenta a seguinte MOCION para súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal dos SEGUINTES ACORDOS:

Contribuir á aplicación e desenrolo da **Lei de Igualdade Efectiva de mulleres e homes** a través dos seguintes compromisos:

- Conseguir a participación das mulleres na toma de decisións sobre asuntos que interesan a toda a cidadanía.
- Erradicar a inestabilidade, o desemprego e a temporalidade que segue a afectar esencialmente ao emprego feminino e ás diferencias retributivas que aínda persisten.
- Favorecer a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado das persoas e nos traballos domésticos.

Na loita contra a violencia de xénero, Este Concello comprométese a:

- Incrementar o rexeitamento social sobre o agresor a través da realización de campañas municipais que contribúan a concienciar e sensibilizar á cidadanía sobre estas cuestións.
- Promover e activar un programa específico de prevención de violencia de xénero, dirixido especialmente a xovenes e adolescentes.

Aumentar e reforzar os mecanismos postos en marcha para protexer ás mulleres especialmente a xóvenes e adolescentes.

Aumentar e reforzar os mecanismos postos en marcha para protexer e atender ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Planificar e desenrolar cursos de formación, en colaboración coa CC.AA dirixidos a tódolos profesionais que traballan no proceso de erradicación do machismo criminal.”

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que en resposta a petición efectuada polo Portavoz do Grupo Popular, di que non existe ningún problema significando que podería quedar redactada da seguinte maneira: **“Hoxe contamos cunha Lei Integral contra a violencia de xenero, pero ante a tristeza dos feitos e evidente que son necesarios máis instrumentos e máis recursos contra a lacra intolerable do machismo criminal”** os feitos son o constante goteo de victimas que efectivamente por de manifesto que a Lei Integral contra a violencia foi un paso importante pero non suficiente.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que o outro día na reunión de Portavoces, presentamos un borrador co obxecto de obter unha declaración



Institucional, coa idea de que cando chegamos aquí non estiveramos debatindo onde poñemos os puntos e as comas, tratabase de facer un exercicio de consenso para non repetir ó da declaración do día 25 de novembro que a día hoxe aínda non a fixemos, agora queríamos que isto se collera coa suficiente antelación para que antes do día 8 de marzo tiveramos unha Declaración, entón nos estivemos na Xunta de Portavoces o outro día e este tema non se abordou, o día 8 de marzo non é soamente unha reivindicación polo tema de violencia de xenero, senón que é polos dereitos que van máis alá, polo tema de decidir sobre o corpo, polo dereito a utilización dos tempos, polo tema do dereito o traballo e da conciliación da vida laboral e familiar, e polo tema da educación e igualdade. Nese aspecto a nosa proposta de declaración, que non se refería a ningún tipo de declaración incidía neses catro aspectos, o tema de sexualidade, o tema da violencia de xenero, o tema da utilización dos tempos da conciliación da vida laboral, e o tema de educación e igualdade. Nese sentido a Moción que presenta o grupo socialista é asumible, non pasa absolutamente nada, aínda que nos pensamos que isto non ten que ver coa modificación da lei, senón coa modificación dos comportamentos, que temos cada un dos homes na nosa vida particular. Nos somos favorables a que este tema se deixe enriba da mesa, e que dun xeito oficial ou non oficial, nos reunamos os portavoces a vindeira semana e quitemos unha declaración conxunta; a proposta do PSOE máis dunha moción non pasa de ser unha declaración correcta desde ese punto de vista, pero coxa pois soamente abarca algúns dos aspectos, e a nos gustaríamos que diante do día 8 de marzo, aínda que este enriba da mesa o tema da violencia, tamén ten que ver co tema dos tempos, do dereito o traballo, co tema o dereito a exercer da autonomía do propio corpo das mulleres; nese sentido nos facemos unha última proposta de que o tema se aborde durante a semana que ven e en todo caso antes do día 8 de marzo, para que poidamos ter unha declaración, e que quitemos unha declaración que entendo que vai a ser posible.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que esta do acordo co manifestado polo Sr. Rodríguez Doval, indicando que hai un acta da Xunta de Portavoces, na que se acordou reunirse o día 27 as 9,30 horas para consensuar unha declaración, eu estiven o día 27 aquí, a Xunta de Portavoces comezou as 10 da mañá e non se abordou este tema. Dicir que a Moción non vai en contra de ninguén e se pode asumir perfectamente, e coincide en que máis alá de redactar unha lei está o comportamento das persoas. Eu creo que o ideal sería levalo á Xunta de Portavoces, facer unha declaración, independentemente da Moción que di o que día, facer unha declaración máis ampla que recolla o que propón o Portavoz do BNG.

Sendo as 11,20 horas se fai un receso na Sesión.

Sendo as 11,25 horas reanudase a Sesión.

O Sr. Alcalde manifesta que o que se pode facer é aprobar as dúas, a que presenta o BNG que é máis xenerica e podíamos facela como Declaración Institucional e a que presenta o PSOE e máis de dous temas concretos de discriminación e violencia, e a Declaración Institucional que propón o BNG fala un pouco máis dos dereitos da muller, a disposición do propio corpo e nese sentido vai



moito máis ala, polo que propoño aprobar a Moción do Grupo Socialista coas emendas antes definidas e aprobar a declaración Institucional do BNG.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que si esta Corporación non ten capacidade para facer un exercicio de consenso e quitar para diante unha declaración institucional conxunta antes do 8 de marzo, sinceramente non sei como vamos a afrontar os problemas gordos que temos diante, non nos vale por que nos presentamos un texto para avanzar e quitar un declaración conxunta. Non sei porque non é posible, temos 5 días para traballar e antes do 8 de marzo sacar unha declaración. Solicitando que o tema quede sobre a Mesa e quitar antes do día 8 unha Declaración conxunta da Corporación.

Interven o Sr. Echevarría Lage, manifestando que lles parece oportuno, e que por unha Xunta de Portavoces se mire a posibilidade de refundir as dúas propostas.

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que a el lle vale, aprobar esta por unanimidade e quitar unha declaración conxunta máis xenerica do que ven aquí.

Finalmente o Sr. Alcalde vista a propostas do BNG e do PP, retira a Moción do Grupo Municipal Socialista, quedando pendente da redacción dunha Declaración Institucional antes do día 8 de marzo “Día da Muller Traballadora”, declaración que será elaborada na Xunta de Portavoces ou na Comisión de Sanidade, Servicios Sociais Muller e Xuventude.

Acto seguido o Sr. Alcalde, manifesta que existe un requerimento da Xunta Electoral para o Sorteio de catro membros, das Mesas Electorais das Eleccións Xerais a celebrar o vindeiro 9 de marzo, polo que somete á consideración do Pleno a urxencia do asunto.

Sometido a votación o Pleno por unanimidade acorda ratifica-la urxencia do asunto.

Acto seguido procedese ó sorteo dos componentes que require a Xunta Electoral de Zona, co seguinte resultado:

MESA 2-1-U

Segundo Vocal: 1º Suplente. D. JOSE LUIS PEREIRA ROMERO.

2º Suplente. D. FRANCISCO FERNANDEZ FERNANDEZ.

Mesa 1-2-A: Presidente: 1º suplente.D. ANTONIO DIAZ FERNANDEZ.

2º suplente.Dª LUCIA FREIRE MORADO.



Seguidamente e antes de entrar no punto de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os Portavoces dos Grupos, se por razóns de urxencia, teñen algunha Moción para someter á consideración do Pleno, non presentandose Moción algunha.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernandez, quen manifesta que quere comezar a preguntar por varias obras que están pendentes de comenzo, como pode ser a Praza da Igrexa, o Camiño do Campo de Fútbol.

E outra pregunta, saber se existen expedientes de Contratación do Asesor de Cultura, do Transporte Adaptado, e de Traballos de Xardinería.

E outra que me queda no tinteiro e reiterar unha vez máis ¿como está o tema da Piscina?.

Resposta o Sr. Alcalde, que a obra da Praza da Igrexa, foi varias veces a Patrimonio e na última reunión se autorizou o proxecto, e os cambios que houbo que introducir nel, aumentaron o presuposto e houbo que disminuir a actuación, é unha obra que se delimitou ó entorno da Igrexa, queda para unha segunda fase o resto da actuación ata o muelle, entre outras cousas porque Patrimonio esixiu, da colocación de pedra no cha, e en consecuencia esto encareceu a actuación polo que houbo que limitar a actuación ó entorno da igrexa, e polo que visto a proximidade da Semana Santa, nos aconsellou non escomenzar a obra ata despois da Semana Santa.

Con respecto ó Camiño do Campo de Fútbol, xa está a disposición de Medio Rural os terreos, e supoño que empezaran pronto, hai un tema que estamos pendentes de contestación que é o acceso máis cercano a casa de Poldo, o outro veciño non ten problema eu falei con el que e D. Agustin Pena e non plantexa ningún problema, e Poldo parece que ó final tampouco, o que hai limitar e os terreos dos que podemos dispoñer, aquí nos encontramos cunha situación na que hai uns postes no medio da carretera, polo que hai que solucionarala falando cos propietarios, esa obra vaise facer ben nunha metade ou ben na súa totalidade, depende da postura dos propietarios.

En relación os contratos o de Asesor Cultural, e evidente que xa veu o Pleno cos Presupostos, xa preguntou por el o Portavoz do BNG e se lle diron as explicacións oportunas, e efectivamente hai un contrato en materia de Asistencia Técnica Cultural e Deportiva, é unha persoa que esta diseñando actuacións. O contrato de xardinería hai un contrato e vai haber dous, en Ares hai dúas empresas, levamos 7 meses, e a nosa posición e traballar con todos, hai un contrato de mantemento de xardineria, porque o personal da nave non pode atender todas as necesidades, por esa esa razón o mantemento do Parque Rosalia, arbores do muelle, rotonda, esta contratado cunha empresa de xardineria, e todo o que é o mantemento do entorno do Mosteiro de Santa



Catalina e a tala das arbores do todo o Concello excepto os do muelle vaise contratar con outra empresa de Ares, en consecuencia se reparte o traballo cas duas empresas.

Con referencia ó transporte adoptado, anunciamos no seu momento, que era un proxecto experimental, que era un proxecto piloto, resultou ben, a xente está moi contenta e o quere, pero non satisface todas as nosas pretensións, hai elementos que non nos gusta e que vamos a intentar corrixir, que é poñelo en común con outros Concellos, posiblemente co Concello de Mugardos, e un proxecto que esta testandose, e é mellorable e nesa fase estamos, e cando o teñamos claro asinaremos o convenio, agora mesmo estamos en fase experimental, o están implantando todos os Concellos da zona, o programa de transporte adaptado financiado pola Vicepresidencia de Igualdade da Xunta de momento no chega a Ares, polo que de momento decidimos asumilo nos; no momento que se amplie e Vicepresidencia chegue a Ares o retiraremos ou o consorciaremos con eles.

E polo que se refiere a Piscina, sigue nunha situación, teóricamente non hai problemas, se asinou o convenio con FENOSA, para retirar a linea de baixa tensión; PROYFE evaluou o proxecto, e viu que con estas obras queda corto, polo que igual os Concellos temos que aportar algo de fondos propios, e un tema que leva o Concello de Mugardos xa que lles corresponde a execución do proxecto, nos asinamos a solicitude de prorroga e se se retrosou tres anos é un feito que non é imputable a nos.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que ou lle entendeu mal o non lle respostou ó que el lle preguntou, eu preguntei se habia expediente de contratación, non as funcións que estaban facendo estas empresas.

Resposta o Sr. Alcalde, resposta que xa lle respostou, que por razón da contía as facturas mensuais se pagan escrupulosamente, pola contía que se trata non necesita expediente de contratación, as cousas que se fixeron se foron pagando, vostede sabe deso moi ben porque fixo este Concello por unidade de medida, aquí se gastaron millóns de euros sen expediente de contratación.

O Sr. Echevarría Lage, solicita que se repare a marquesina da Deputación que esta na entrada do término municipal no Lugar de Simou.

Resposto o Sr. Alcalde, que esa marquesina está situada no término municipal de Mugardos, polo que a actuación correspondería ó Concello de Mugardos, non obstante reconece que é utilizada principalmente por xente de Ares, e no caso de que o Concello de Mugardos non faga nada ó respecto, intentaremos facer nos a actuación.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo doce horas e sete minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o eu como Secretario-Acctal, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,